



Máis de 20.000 persoas asistirán ao Encontro Mundial de Humorismo, que comezará en 10 días

La capital del pecado 2.0, Mentas peligrosas, Esto no es un show, La ruina, Humorís Causa e Fantastic Colofon penduraron o cartel de 'entradas esgotadas' hai semanas; ao igual que as actividades *Lo que me han enseñado los mayores* e *El sentido de la birra*, citas para as que non quedan convites dispoñibles

Aínda é posible adquirir os últimos billetes para os espectáculos *Celebreixon, Go Home, Tengo cosas para hacer* e *La nueva normalidad*

EMHU colaborará coa Obra Social ABANCA na campaña Cultura por Alimentos, convidando ao público asistente ás actividades paralelas gratuítas que teñan lugar na Sede Afundación a que faga as súas achegas con produtos non perecedoiros que distribuirán, posteriormente, desde o Banco de Alimentos Rías Altas



Eva Hache é unha das protagonistas do espectáculo *Mentas peligrosas* © Leo López

A Coruña, 15 de abril de 2024.- A dez días do inicio da súa cuarta edición, o Encontro Mundial de Humorismo segue a bater récords. **O EMHU leva despachadas máis de 20.000 entradas e convites para os seus espectáculos e actividades**, que terán lugar entre o 25 de abril e o 5 de maio na Coruña. Numerosos shows xa penduraron hai semanas o cartel de 'sold out'. É o caso de *La capital del pecado 2.0* e *Fantastic Colofon*, ademais das propostas que contarán con dobre función, como son *Mentas peligrosas, Esto no es un show, La ruina* e *Humorís Causa*. Alén dos espectáculos, as actividades gratuítas que requiren retirada de convite previo,



como é *Lo que me han enseñado los mayores* ou *El sentido de la birra*, tamén despertaron interese entre o público, que esgotou todas as invitacións dispoñibles.

Porén, todas as persoas que aínda non teñan abono ou entradas para o EMHU, teñen opción de mercar algunhas das **últimas entradas dispoñibles** para propostas como *Celebreixon* (con Roberto Vilar, 28 de abril), *Go Home* (con David Amor e Josito Porto, 1 de maio), *Tengo cosas para hacer* (con Dalia Gutmann, 3 de maio) ou *La nueva normalidad* (con Álex Clavero, 3 de maio).

Alén destes espectáculos, o EMHU conta cunha ampla programación de **actividades paralelas gratuítas**, de xeito que todos os públicos poidan acceder ao grande evento do humor do país. É o caso da gravación do podcast *El Nicho* (con David Perdomo e Xosé A. Touriñán), do espectáculo de improvisación *Match de Impro* (co alumnado da Escuela de Impro Coruña), dos parladoiros *Coidado coas bromas: os perigos da comedia* e *O negocio do humor*, que terán lugar na Sede de Afundación; ou da presentación do libro *Pérdidas de risa*, no que Sílvia Abril conversará co público nun diálogo moderado polo director artístico do EMHU, Luis Piedrahita.

O EMHU colabora con Cultura por Alimentos

O Encontro Mundial de Humorismo colabora na súa cuarta edición co programa Cultura por Alimentos, impulsado por Afundación, Obra social ABANCA. A intención desta campaña é que o público que asista ás actividades paralelas gratuítas do EMHU que teñan lugar na Sede de Afundación poida participar desta acción solidaria facendo unha doazón de alimentos non perecedoiros.

A campaña Cultura por Alimentos consiste en cambiar simbolicamente a entrada -de balde- pola doazón de produtos que, grazas á colaboración coa Federación Española de Bancos de Alimentos, Afundación entregará á entidade local Banco de Alimentos Rías Altas para a súa posterior distribución. Desde o Encontro Mundial de Humorismo convídase a todas as persoas asistentes ás actividades da programación paralela a que fagan a súa achega (troquen o seu acceso libre e gratuítu por unha doazón de alimentos non perecedoiros) e así poder construír un EMHU diferente.

Encontro Mundial de Humorismo

O Encontro Mundial de Humorismo, a cita humorística máis relevante de España polo número de actividades e público, celebrará a súa cuarta edición na Coruña do 25 de abril ao 5 de maio. O evento está impulsado polas produtoras Etiqueta Negra e El Espectador, e conta co apoio do Concello da Coruña, da Xunta de Galicia a través da Axencia Turismo de Galicia e de Estrella Galicia. Durante 11 xornadas, o EMHU reunirá ás figuras máis destacadas da comedia galega e estatal, como é o caso de Álex Clavero, Ana Morgade, Carolina Iglesias, David Amor, David Cepo, Eva Hache, Galder Varas, Goyo Jiménez, Henar Álvarez, Ignasi Taltavull, Javier Veiga, Juan Dávila, Leo Harlem, Luis Piedrahita, Roberto Vilar, Sílvia Abril, Tomàs Fuentes, Xosé Antonio Touriñán e o trío As R(h)umorosas (conformado por Carmen Méndez, Leticia Sola e Marta Doviro). O cartel conta tamén coa humorista arxentina Dalia Gutmann, que iniciará na Coruña a súa xira por España. A programación troncal de espectáculos complétase cun feixe de actividades paralelas gratuítas e aptas para todos os públicos. Para máis información pódese consultar www.emhu.es.

Contacto de prensa EMHU 2024

The Office Comunicación. Lucía Pita (675 404 321) e Luisa Castiñeira (620 113 155) | prensa@theofficeco.es

Acceso á **sala de prensa** de EMHU 2024